



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO PARA A SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) AUXILIAR DE BIBLIOTECA PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA, INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PELCONCELLOS 2025 (Expdte. 2025/E001/000002).

PROBA PRÁCTICA: ALEGACIÓNS. VALORACIÓN DEFINITIVA.

En Ordes, a 21 de maio de 2025, sendo as 09 horas e 30 minutos réunese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello o Tribunal que ha de xulgar a SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE **(1) AUXILIAR DE BIBLIOTECA** PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL, convocada por decreto da Alcaldía nº 383/2025, de data 01/04/2025.

Asisten:

- **Presidenta:** Pilar Rey Rodís, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.

- **Vogais:**

Ana Mª López Brey. Persoal Laboral. Técnico de Biblioteca.

Marcos Gándara Costa, Funcionario da escala de administración xeral, subescala de xestión.

Yolanda Cela Villaverde, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.

- **Secretario:** José Alberto Moar Tobío, Funcionario da escala de administración xeral, subescala de xestión.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, pasándose seguidamente ao exame das reclamacións presentadas contra a valoración provisional da proba práctica.

As preguntas contra as que se presentaron reclamacións e as respostas indicadas como correctas inicialmente, marcadas en cor vermella, son as seguintes:

“1-Entre os recursos en liña que ofrece a Rede de Bibliotecas de Galicia atópanse:

- a) *Galiciana.*
- b) *Biblioteca Virtual de la Literatura Universal en Gallego.*
- c) *As dúas respostas anteriores son correctas.*



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2-O catálogo colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia:

- a) *Recolle rexistros de manuais así como de obras que pola súa antigüidade , ao ser publicadas con anterioridade a 1959 ou pola súa singularidade, forman parte do Patrimonio Bibliográfico Galego e consérvanse en todas as bibliotecas.*
- b) *Recolle rexistros de manuais así como de obras que pola súa antigüidade , ao ser publicadas con anterioridade a 1959 ou pola súa singularidade, forman parte do Patrimonio Bibliográfico Galego e consérvanse en todas as bibliotecas, agás as universitarias.*
- c) *Ningunha das respostas anteriores é correcta.*

3-A Rede de Bibliotecas públicas de Galicia conta con recursos para a selección bibliográfica na súa páxina web publicados en:

- a) *Galego.*
- b) *Galego e castelán.*
- c) *En galego, castelán e outras linguas.*

4-Cales destes recursos en liña ofrece a Rede de Bibliotecas públicas de Galicia na súa web:

- a) *Galiciana e repositorio da Biblioteca de Fondos Galegos na Arxentina .*
- b) *Europeana e Biblioteca Virtual da Real Academia Galega.*
- c) *Ningunha das respostas anteriores é correcta.*

5-Se un usuario devolve documentos fóra de prazo, será sancionado. A sanción implica:

- a) *Que non poderá facer uso do préstamo a domicilio, non poderá renovar os materiais que ten prestados e non poderá reservar documentos. A suspensión terá efectos en todas as bibliotecas integrantes da RBG.*
- b) *Que non poderá facer uso do préstamo a domicilio e non poderá renovar os materiais que ten prestados. A suspensión terá efectos en todas as bibliotecas integrantes da RBG.*
- c) *Que non poderá facer uso do préstamo a domicilio durante o tempo que determine cada biblioteca no seu regulamento interno.*

15-Que publicación en liña está excluída do Depósito Legal?

- a) *O dominio que alberga a publicación.*
- b) *Os ficheiros de datos de carácter persoal.*
- c) *As dúas respostas anteriores son correctas.*



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Reserva 4- *Considéranse documentos electrónicos nas bibliotecas os seguintes:*

- a) *Documentos CD-ROM, DVD-ROM e tarxetas de video consola.*
- b) *Documentos CD-ROM, DVD-ROM, documentos en DVD e Blu-Ray.*
- c) *Todos os citados nas dúas respostas anteriores."*

Vistas as reclamacións presentadas, o Tribunal acorda:

1.- Proceder a resolver conxuntamente todas as alegacións presentadas polos aspirantes con respecto a una mesma pregunta xa que os argumentos expostos son substancialmente similares.

Con respecto ás alegacións presentadas en relación coa primeira pregunta hai que dicir que o Tribunal acorda aceptar as alegacións presentadas no sentido de que debe considerarse correcta a opción a) e non a opción c), que era correcta ata hai uns meses en que a web da Rede de Bibliotecas de Galicia foi actualizada e, en consecuencia, o recurso en liña que ofrece na actualidade é a opción a) Galiciana.

No referido ás alegacións presentadas relativas á segunda pregunta o Tribunal acorda aceptar as alegacións que propoñen como correcta a opción c), e non a opción a) considerada como válida inicialmente, xa que as respostas a) e b) son erróneas pois o catálogo colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia recolle fondos documentais publicados con anterioridade a 1958 e non 1959.

En relación cas alegacións presentadas fronte á terceira pregunta o Tribunal acorda manter como válida a opción c) e desestimar as alegacións presentadas xa que a web da Rede de Bibliotecas públicas de Galicia dispón de recursos para facer seleccións bibliográficas, de rexistros, gardar descrições, crear listas privadas con selección de documentos e outras tarefas. Isto pódese efectuar desde a área para profesionais e tamén como usuarios nos servizos para profesionais e para a cidadanía. Mediante o acceso ao catálogo e aos recursos dixitais, desde a propia web da Rede de Bibliotecas públicas de Galicia podemos seleccionar fondos documentais en galego, castelán e outros idiomas.

No que atinxe ás alegacións presentadas contra a cuarta pregunta o Tribunal acorda aceptalas e considerar como correcta a opción c) e non a opción b) considerada como tal inicialmente xa que a web da Rede de Bibliotecas públicas de Galicia non ofrece como recurso en liña a Biblioteca Virtual de Fondos Galegos na Arxentina, e desde Galiciana pódese enlazar con Europea e coa Real Academia Galega, non coa "Biblioteca Virtual da Real Academia Galega".

Con respecto ás alegacións presentadas relativas á quinta pregunta o Tribunal acorda desestimalas e manter como correcta a opción a) xa que segundo o artigo 24 da *Lei 5/2012, do 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia "As bibliotecas públicas aplicarán os procedementos e programas normalizados de xestión bibliotecaria que determine o órgano de dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas para garantir a máxima interoperabilidade e normalización técnica."*, en virtude do cal se desenvolveron o Sistema integrado de xestión de bibliotecas "Koha" e as Políticas de circulación A, B, e C para préstamo establecidas polo Servizo de Bibliotecas.

No relativo ás alegacións fronte á pregunta quince o Tribunal acorda desestimalas e manter como válida a opción b) xa que o tema 14 do proceso selectivo titulase "A normalización da identificación bibliográfica. O ISBN, o ISSN. Formato Marc". O coñecemento dos conceptos máis básicos no estudo da normalización da identificación bibliográfica e do Formato Marc implican que necesariamente os profesionais dunha biblioteca coñezan o que é o Depósito



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Legal. Polo tanto, este coñecemento non excede o esixido nesta convocatoria e o seu concepto e contido atópase na web da Rede de Bibliotecas de Galicia.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

No referido ás alegacións fronte á pregunta de reserva número 4 o Tribunal acorda desestimalas e manter como correcta a opción a) xa que a b) non pode ser correcta (e en consecuencia a opción c) tampouco) xa que o Blu-Ray é un disco físico que contén información gravada en capas e a información pódese ler utilizando un reprodutor de Blu-Ray. Por outro lado, un documento electrónico é un arquivo dixital que podemos almacenar nun dispositivo electrónico como unha computadora ou un disco duro e pódese acceder a el e manipulalo utilizando software , como un programa de edición de texto, ou un navegador web. En definitiva, o Blu-Ray é un medio físico mentres que os documentos electrónicos son arquivos dixitais. Ambos poden conter información pero a forma en que almacena e se accede a eles é moi diferente.

Polo tanto, as respostas que o Tribunal acorda considerar como correctas para as preguntas reclamadas son as seguintes, sinaladas en cor vermella:

“ 1-Entre os recursos en liña que ofrece a Rede de Bibliotecas de Galicia atópanse:

- a) **Galiciana.**
- b) *Biblioteca Virtual de la Literatura Universal en Gallego.*
- c) *As dúas respostas anteriores son correctas.*

2-O catálogo colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia:

- a) *Recolle rexistros de manuais así como de obras que pola súa antigüidade , ao ser publicadas con anterioridade a 1959 ou pola súa singularidade, forman parte do Patrimonio Bibliográfico Galego e consérvanse en todas as bibliotecas.*
- b) *Recolle rexistros de manuais así como de obras que pola súa antigüidade , ao ser publicadas con anterioridade a 1959 ou pola súa singularidade, forman parte do Patrimonio Bibliográfico Galego e consérvanse en todas as bibliotecas, agás as universitarias.*

- c) **Ningunha das respostas anteriores é correcta.**

3-A Rede de Bibliotecas públicas de Galicia conta con recursos para a selección bibliográfica na súa páxina web publicados en:

- a) *Galego.*
- b) *Galego e castelán.*
- c) **En galego, castelán e outras linguas.**

4-Cales destes recursos en liña ofrece a Rede de Bibliotecas públicas de Galicia na súa web:

- a) *Galiciana e repositorio da Biblioteca de Fondos Galegos na Arxentina .*
- b) *Europeana e Biblioteca Virtual da Real Academia Galega.*
- c) **Ningunha das respostas anteriores é correcta.**



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

5-Se un usuario devolve documentos fóra de prazo, será sancionado. A sanción implica:

- a) *Que non poderá facer uso do préstamo a domicilio, non poderá renovar os materiais que ten prestados e non poderá reservar documentos. A suspensión terá efectos en todas as bibliotecas integrantes da RBG.*
- b) *Que non poderá facer uso do préstamo a domicilio e non poderá renovar os materiais que ten prestados. A suspensión terá efectos en todas as bibliotecas integrantes da RBG.*
- c) *Que non poderá facer uso do préstamo a domicilio durante o tempo que determine cada biblioteca no seu regulamento interno.*

15-Que publicación en liña está excluída do Depósito Legal?

- a) *O dominio que alberga a publicación.*
- b) *Os ficheiros de datos de carácter persoal.*
- c) *As dúas respostas anteriores son correctas.*

Reserva 4- Considéranse documentos electrónicos nas bibliotecas os seguintes:

- a) *Documentos CD-ROM, DVD-ROM e tarxetas de video consola.*
- b) *Documentos CD-ROM, DVD-ROM, documentos en DVD e Blu-Ray.*
- c) *Todos os citados nas dúas respostas anteriores."*

A continuación o Tribunal acorda proceder a recalcular as puntuacións dos aspirantes e a apertura dos sobres cos datos identificativos dos aspirantes para asignarlles as puntuacións definitivas correspondentes a cada un deles, resultando a listaxe seguinte por orde decrecente de puntuación:

APELIDOS E NOME	DNI	ACERTOS	FALLOS	BLANCO	PUNTUACIÓN
GONZÁLEZ ROMERO, CARLA	***1939**	15	2	3	14,60
MARTINEZ BELLO, SARA	***0732**	15	4	1	14,20
MATOS MOREIRA, MIGUEL DE LUIS	***4745**	14	2	4	13,60
TUÑAS PUENTES, INES	***7304**	14	4	2	13,20
FACORRO PÉREZ, SIMÓN	***8457**	14	5	1	13,00
AFONSO TABARES, SANDRA	***7201**	14	6	0	12,80
COSTAS MARTIN NOA	***8756**	13	4	3	12,20
PEREIRA VARELA, MARIA ISABEL	***1950**	13	6	1	11,80
HUERTAS GOMEZ, CRISTINA	***0687**	13	7	0	11,60
LÓPEZ VÁZQUEZ, SANDRA	***2435**	12	3	5	11,40



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FELPETO RODRÍGUEZ, NOELIA	***1789**	12	8	0	10,40
MORA GUTIÉRREZ, AUGUSTO GUILLERMO	***2786**	12	8	0	10,40
VEIGA ROMERO SILVIA	***2955**	11	5	4	10,00
GONZALEZ NIETO, CRISTINA	***4553**	11	9	0	9,20
FERNANDEZ PERAL, EDUARDO	***8430**	8	4	8	7,20
BOO GERMANIER, SILVIA	***8162**	4	15	1	1,00

De conformidade ca Base Sétima (Inicio e desenvolvemento do proceso selectivo: 1.- Proba Práctica), quedan eliminados os /as aspirantes que non acadaron polo menos a metade da puntuación, é dicir os que non acadaron un mínimo de 10 puntos. Tendo en conta ademais que, segundo a base oitava, no caso de empate na puntuación final do proceso este dirimirase atendendo á orde alfabética de apelidos empezando pola letra F, á que se refire a Resolución fe 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 16, de data 24/01/2025), o Tribunal acorda que superara esta fase os/as seguintes aspirantes relacionados por orde decrecente de puntuación:

APELIDOS E NOME	DNI	ACERTOS	FALLOS	BLANCO	PUNTUACIÓN
GONZÁLEZ ROMERO, CARLA	***1939**	15	2	3	14,60
MARTINEZ BELLO, SARA	***0732**	15	4	1	14,20
MATOS MOREIRA, MIGUEL DE LUIS	***4745**	14	2	4	13,60
TUÑAS PUENTES, INES	***7304**	14	4	2	13,20
FACORRO PÉREZ, SIMÓN	***8457**	14	5	1	13,00
AFONSO TABARES, SANDRA	***7201**	14	6	0	12,80
COSTAS MARTIN NOA	***8756**	13	4	3	12,20
PEREIRA VARELA, MARIA ISABEL	***1950**	13	6	1	11,80
HUERTAS GOMEZ, CRISTINA	***0687**	13	7	0	11,60
LÓPEZ VÁZQUEZ, SANDRA	***2435**	12	3	5	11,40
FELPETO RODRÍGUEZ, NOELIA	***1789**	12	8	0	10,40
MORA GUTIÉRREZ, AUGUSTO GUILLERMO	***2786**	12	8	0	10,40
VEIGA ROMERO, SILVIA	***2955**	11	5	4	10,00

2.- Base Sétima (Inicio e desenvolvemento do proceso selectivo) punto 2.- Proba de galego:

Examinada a documentación achegada coa solicitude de participación no presente proceso polos aspirantes que superan esta fase, compróbase que deben realizar a segunda fase, é dicir, a proba de coñecemento da lingua galega, por non ter acreditado estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 2) ou equivalente, o aspirante seguinte:

MORA GUTIÉRREZ, AUGUSTO GUILLERMO

***2786**



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Dita proba celebrarase o martes día 27 de maio ás 9:30 horas, na Sala de Xuntas do Concello de Ordes (terceiro andar Casa Consistorial), rúa Alfonso Senra, Ordes.

E non sendo outro obxecto desta reunión dáse por rematado o acto sendo as 11.00 horas do día sinalado ó comezo, dispoñendo a presidencia que se redacte a presente acta e que sexa publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ordes.

RECURSOS: Contra acordo de valoración definitiva da proba práctica do Tribunal de Selección, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do mesmo. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso ou exercerse calquera outra acción que se estime convinte.

Ordes, na data da sinatura electrónica

A Presidenta,
Pilar Rey Rodís

O Secretario,
José Alberto Moar Tobío